

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

ORDE do 23 de decembro de 2019 pola que se resolve a convocatoria de axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura para o curso 2019/20.

Mediante a Orde do 7 de agosto de 2019 (DOG do 2 de setembro), a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou unha convocatoria de axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura para o curso 2019/20.

Unha vez rematado o procedemento establecido na convocatoria, cómpre facer pública a súa resolución definitiva, indicando para cada modalidade a relación de centros beneficiarios das axudas e a contía, de conformidade co previsto no artigo 11 da devan-dita orde.

En consecuencia, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVO:

Primeiro. Integrar no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2019/20, os sete novos centros privados concertados seleccionados que se relacionan no anexo I, coa concesión das axudas que se sinalan.

Segundo. Conceder as contías que se detallan nos anexo II e III aos centros privados concertados integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares ao abeiro das convocatorias deste programa correspondentes aos anos 2018 e 2016-2017, respectivamente, unha vez revisadas as memorias de actividades desenvolvidas durante o ano académico 2018/19, así como as liñas prioritarias de actuación presentadas para o curso 2019/20.

Terceiro. Da mesma forma, conceder as contías que se sinalan no anexo IV aos centros que solicitaron, no tempo e na forma, axudas na modalidade de Clubs de lectura.

Cuarto. Conceder as axudas que se sinalan no anexo V aos centros seleccionados na modalidade denominada Radio na biblio.



Quinto. Asemade, conceder as contías detalladas no anexo VI aos centros solicitantes, no tempo e na forma, de axudas na modalidade de Biblioteca inclusiva.

Sexto. Asignar, por un importe total de 162.000 €, as contías que se detallan nos devanditos anexos, destinadas a apoiar os procesos de transformación das bibliotecas en centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe; favorecer as actividades de fomento da lectura e de educación no acceso e uso da información; favorecer a creación de laboratorios de radio vinculados as bibliotecas xa integradas no plan de mellora e facilitar avances cara a unha biblioteca inclusiva, de acordo cos proxectos e liñas prioritarias de actuación presentadas ao abeiro da Orde do 7 de agosto de 2019 da convocatoria.

Sétimo. Os gastos realizados xustificaranse, segundo o previsto no punto 2 do artigo décimo segundo da Orde do 7 de agosto de 2019, antes do 10 de xuño de 2020. Con ese mesmo límite de datas deberá cubrirse o formulario, se é o caso, e entregar as memorias correspondentes ás distintas liñas de axuda recibida, segundo o recollido no artigo 13 da orde de convocatoria. O acceso ao formulario web para os centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, a que se fai referencia no punto 1.1 do devandito artigo da Orde do 7 de agosto de 2019, seralle remitido desde a unidade de seguimento destes programas (Asesoría de Bibliotecas Escolares).

Oitavo. A non entrega da memoria e/ou da xustificación do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das axudas concedidas e o centro deberá reintegrar a cantidad percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir. Da mesma forma, o incumprimento total ou parcial dos programas ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión poderá dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Noveno. Tanto a Inspección Educativa como as persoas responsables en materia de bibliotecas escolares da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderán supervisar e avaliar o funcionamento das bibliotecas adscritas ao Plan de mellora de bibliotecas escolares.

Décimo. Tal e como se recolle no artigo 19 da orde de convocatoria, a participación do profesorado implicado no programa de innovación educativa denominado Plan de mellora de bibliotecas escolares, en calidade de responsable da biblioteca escolar, con funcións de coordinación do equipo de apoio á biblioteca, e pola especial dedicación que require, recibirá unha certificación de innovación, equivalente a 30 horas de formación do profesorado por ano académico, ao abeiro do artigo 37 da Orde do 14 de maio de 2013 pola que



se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado de Galicia.

Décimo primeiro. Os centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares en virtude desta convocatoria están obrigados a integrar o logo oficial deste programa nos seus espazos web e nos documentos que difundan actividades da biblioteca escolar, para o que lles será remitido o correspondente arquivo desde a unidade de seguimento do programa. Da mesma forma, a páxina web do centro deberá incluír, entre a información das súas instalacións, imaxes e unha descripción mínima da biblioteca escolar, así como dos seus principais recursos e servizos á comunidade educativa.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co dispuesto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, directamente, o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de acordo cos artigos 10, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO I

Centros que se integran no Plan de mellora de bibliotecas escolares na convocatoria de 2019. Artigo 16, punto 2.a) da Orde de 7 de agosto de 2019

Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2019				Ano 2020				
				Fondos	Mobil./ Equip.	Gtos. Fto. BE	Total 2019	Fondos	Mobil./ Equip.	Gtos. Fto. BE	Total 2020	Total auxda
15006501	CPR Plurilingüe Cristo Rey	Ferrol	Coruña, A	1.400	440	100	1.940	2.800	880	200	3.880	5.820
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	1.300	440	100	1.840	2.600	880	200	3.680	5.520
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	1.500	540	100	2.140	3.000	1.080	200	4.280	6.420



Código	Centro	Concello	Provincia	Fondos	Ano 2019				Ano 2020			
					Mobil./ Equip.	Gtos. Fto. BE	Total 2019	Fondos	Mobil./ Equip.	Gtos. Fto. BE	Total 2020	Total axuda
36019840	CEEPR San Jerónimo Emiliani	Guarda, A	Pontevedra	1.000	300	100	1.400	2.000	600	200	2.800	4.200
36011622	CPR Aloya	Vigo	Pontevedra	1.400	540	100	2.040	2.800	1.080	200	4.080	6.120
36010356	CPR Plurilingüe Escuelas Nieto	Vigo	Pontevedra	1.300	500	100	1.900	2.600	1.000	200	3.800	5.700
36011221	CPR Plurilingüe Padre Míguez	Vigo	Pontevedra	1.500	540	100	2.140	3.000	1.080	200	4.280	6.420

ANEXO II
Centros concertados integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares no ano 2018. Artigo 16, punto 2.b) da Orde do 7 de agosto de 2019

Código	Centro	Concello	Provincia	Fondos	Ano 2019				Ano 2020			
					Mobil./ Equip.	Gtos. Fto. BE	Total 2019	Fondos	Mobil./ Equip.	Gtos. Fto. BE	Total 2020	Total axuda
15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	Coruña, A	1.200	500	100	1.800	2.400	1.000	200	3.600	5.400
15006353	CPR Plurilingüe Jorge Juan	Fene	Coruña, A	1.600	700	100	2.400	3.200	1.400	200	4.800	7.200
15006390	CPR Plurilingüe Jesús Maestro	Ferrol	Coruña, A	1.100	500	100	1.700	2.200	1.000	200	3.400	5.100
15010769	CPR Plurilingüe María Assumpta	Noia	Coruña, A	1.400	600	100	2.100	2.800	1.200	200	4.200	6.300
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	1.500	700	100	2.300	3.000	1.400	200	4.600	6.900
36018847	CEEPR Juan María	Nigrán	Pontevedra	1.100	500	100	1.700	2.200	1.000	200	3.400	5.100
36014209	CPR Plurilingüe Andersen Augalonga	Vigo	Pontevedra	1.400	600	100	2.100	2.800	1.200	200	4.200	6.300
36011351	CPR San José de Cluny	Vigo	Pontevedra	1.400	600	100	2.100	2.800	1.200	200	4.200	6.300

CVE-DOG: akiwxfw3-r1p1-tnu8-nny8-erpvrw3jink9



ANEXO III
Centros concertados integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares nos anos 2016 e 2017. Artigo 16, punto 2.c) da Orde do 7 de agosto de 2019

Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2019		Ano 2020	Total axuda
				Fondos	Fondos		
15000600	CPR Ntra. Sra. del Rosario	Arzúa	A Coruña	500	1.000	1.500	
15004083	CPR Plurilingüe Compañía de María	Coruña, A	A Coruña	700	1.400	2.100	
15004794	CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida	Coruña, A	A Coruña	700	1.400	2.100	
15004198	CPR Plurilingüe Hijas de Jesús	Coruña, A	A Coruña	500	1.000	1.500	
15006481	CPR Plurilingüe Compañía de María	Ferrol	A Coruña	500	1.000	1.500	
15006882	CPR Plurilingüe Valle Inclán I	Ferrol	A Coruña	500	1.000	1.500	
15007230	CPR Ntra. Sra. del Carmen	Fisterra	A Coruña	400	800	1.200	
15010071	CPR Jorge Juan	Narón	A Coruña	600	1.200	1.800	
15015548	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Santiago de Compostela	A Coruña	500	1.000	1.500	
15015627	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Santiago de Compostela	A Coruña	600	1.200	1.800	
32016194	CPR Plurilingüe Guillermo Brown	Pereiro de Aguiar, O	Ourense	500	1.000	1.500	
32013557	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Verín	Ourense	500	1.000	1.500	
36006699	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	Pontevedra	700	1.400	2.100	
36006997	CPR Santo Tomás	Porriño, O	Pontevedra	500	1.000	1.500	
36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Vigo	Pontevedra	600	1.200	1.800	
36011312	CPR San Fermín	Vigo	Pontevedra	500	1.000	1.500	

ANEXO IV
Clubs de lectura-concertados. Artigo 21, punto 2 da Orde do 7 de agosto de 2019

Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2019		Ano 2020	Total axuda
				Fondos clubs	Fondos clubs		
15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	A Coruña	400	800	1.200	
15004794	CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida	Coruña, A	A Coruña	600	1.200	1.800	
15006501	CPR Plurilingüe Cristo Rey	Ferrol	A Coruña	400	800	1.200	
15006420	CPR Plurilingüe La Salle	Ferrol	A Coruña	400	800	1.200	
15007230	CPR Ntra. Sra. del Carmen	Fisterra	A Coruña	300	600	900	
15015548	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Santiago de Compostela	A Coruña	400	800	1.200	
15015603	CPR Plurilingüe La Salle	Santiago de Compostela	A Coruña	500	1.000	1.500	
15015627	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Santiago de Compostela	A Coruña	500	1.000	1.500	
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	400	800	1.200	
32008525	CPR Plurilingüe Divina Pastora	Ourense	Ourense	400	800	1.200	
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	400	800	1.200	



Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2019			Ano 2020		Total axuda
				Fondos clubs	Fondos clubs	Total			
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	400	800	1.200			
36006699	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	Pontevedra	600	1.200	1.800			
36006997	CPR Santo Tomás	Porriño, O	Pontevedra	400	800	1.200			
36016024	CPR Plurilingüe Abrente	Sanxenxo	Pontevedra	400	800	1.200			
36025037	CPR Las Acacias-Montecastelo	Vigo	Pontevedra	300	600	900			
36010976	CPR Plurilingüe Compañía de María	Vigo	Pontevedra	400	800	1.200			
36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Vigo	Pontevedra	400	800	1.200			
36010848	CPR Plurilingüe San Fernando	Vigo	Pontevedra	400	800	1.200			
36011351	CPR San José de Cluny	Vigo	Pontevedra	400	800	1.200			

ANEXO V
Radio na biblio-concertados. Artigo 24, punto 3 da Orde do 7 de agosto de 2019

Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2019			Ano 2020			Total axuda
				Equipamento	Formación	Total	Equipamento	Formación	Total	
15004794	CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida	Coruña, A	Coruña, A	400	240	640	800	480	1.280	1.920
15004198	CPR Plurilingüe Hijas de Jesús	Coruña, A	Coruña, A	400	240	640	800	480	1.280	1.920
15006353	CPR Plurilingüe Jorge Juan	Fene	Coruña, A	400	240	640	800	480	1.280	1.920
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	400	240	640	800	480	1.280	1.920
36014209	CPR Plurilingüe Andersen Augalonga	Vigo	Pontevedra	400	240	640	800	480	1.280	1.920

ANEXO VI
Biblioteca inclusiva. Artigo 29 punto 2 da Orde do 7 de agosto de 2019

Código	Centro	Concello	Provincia	Ano 2019		Ano 2020		Total axuda
				Biblioteca inclusiva	Biblioteca inclusiva	Biblioteca inclusiva	Biblioteca inclusiva	
32020823	CEEPR Ilustre Mestre	Ourense	Ourense	1.000	2.000	3.000		
36019840	CEEPR San Jerónimo Emiliani	Guarda, A	Pontevedra	1.000	2.000	3.000		
36018847	CEEPR Juan María	Nigrán	Pontevedra	2.000	4.000	6.000		

